



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



**INSTITUTO
GALEGO DE
CONSUMO**

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E A ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS EN MARCHA CONUMAR PARA A PROMOCIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES A TRAVÉS DA MEDIACIÓN E A ARBITRAXE, NA OFICINA COA QUE CONTA NA LOCALIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A PRESIDENTA

Do INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

DECLARA:

Que este/a INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS EN MARCHA CONUMAR o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo con retroacción dos seus efectos dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración, cooperación e coordinación entre o Instituto Galego de Consumo e CONUMAR (con sede en Monforte de Lemos) para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións dos consumidores galegos a través da mediación e a arbitrase de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, a tramitación posterior ó órgano encargado de resolver.”.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que é un obxectivo do Instituto Galego de Consumo apoiar e colaborar coas organizacións de consumidores con contrastada experiencia na defensa dos consumidores, para promover o desenvolvemento de actuacións, servizos e procedementos de atención, información e mediación nos distintos eidos do dereito de protección dos consumidores, impulsando as actividades que por parte destas entidades poidan redundar nunha maior esixencia dos seus dereitos polos consumidores e nunha maior protección dos mesmos.

Segundo.- Ante a diminución dos orzamentos do IGC e co obxectivo de abarcar ó maior número de consumidores posibles cos recursos económicos existentes, o Instituto Galego de Consumo optou por levar a cabo accións consistentes na celebración de convenios de colaboración coas tres federacións de consumidores existentes en Galicia e asociacións de consumidores de ámbito autonómico con representación no Consello Galego de Consumidores e Usuarios , como máximo órgano de representación dos intereses dos consumidores. Con estas accións, ó estar ditas oranzacións constituídas por asociacións de consumidores de distintos ámbitos e diferentes localidades, lógrase chegar a un maior número de consumidores e unha maior dispersión das accións ó longo da xeografía galega co fin de conseguir unha atención distribuída equitativamente.

Coa sinatura destes convenios e analizadas as asociacións que integran ditas organizacións , conséguese achegar, a través das súas oficinas, os servizos de atención aos consumidores, ás sete grandes cidades de Galicia e ás localidades de ámbito rural das provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, onde existen oficinas abertas das mesmas. A única provincia con una asociación autonómica que teña sede no ámbito rural que quedaría sen accións por parte deste Instituto Galego de Consumo sería a





provincia de Lugo, pois a asociación autonómica Conumar ten a súa sede na localidade de Monforte de Lemos. Esta asociación é de ámbito autonómico e non se encontra integrada en ningunha das federacións de consumidores nin forma parte do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, polo que sería a única oficina, no ámbito rural integrante do grupo de federacións ou asociacións de ámbito autonómico, que quedaría sin poder obter os beneficios da subvención do IGC e os consumidores e usuarios de dita comarca quedarían máis desprotexidos.

Terceiro.- Que de acordo co anterior e coas características, experiencia e especialización de CONUMAR, é un obxectivo do Instituto Galego de Consumo apoiar actuacións e procedementos de atención, información, asesoramento e mediación no eido dos dereitos dos consumidores

Cuarto.- Que de conformidade co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concorren na sinatura do presente convenio razóns de interese público xa que se está a impulsar por parte do Instituto Galego de Consumo unha actividade de interese xeral tal e como é a expansión de actuacións, servizos e procedementos de atención, información e mediación nos distintos eidos do dereito de protección dos consumidores. Ao mesmo tempo, e segundo o devandito artigo non é posible promover a concorrència xa que a actuación do IGC vai dirixida a asociacións autonómicas con sedes no ámbito rural da provincia de Lugo que non estean integradas en ningunha federación de consumidores e non formen parte do Consello Galego de Consumidores e Usuarios de Galicia e que gocen dunha contrastada experiencia neste campo do consumo. Así, dada a especificidade das características que debe cumprir a entidade, a súa antigüidade no Rexistro de Asociacións o que lle otorga unha contrastada experiencia no campo e a súa dispersión e presenza no ámbito rural da provincia de Lugo, cúmprese con aquel requisito de xustificación da non concorrència.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por





Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de maio de 2016 .

